

Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

ACTA (Aprobada no Pleno do 28/11/2012)

Data	28/06/2012		
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.		
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	20:10
Asisten	•Presidenta, Raquel Díaz Vázquez •Vicepresidente, Xan F. Centrón Montero •Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias •Representante da Administración Educativa, Gonzalo Fernández Fernández - Sector docente: •Antonio Madrid Riskey •Mª Carmen Lorenzo Vila •Xesús Rodríguez Amil •Santiago Rodríguez Sánchez •Isabel López Lorenzo •Pedro Nozal Cantarero •Tereixa Otero Dacosta •Adolfo Gálvez Pazos - Sector usuarios/as: •Iago Fernández Fonseca •Mª Bertila Fernández Pérez - Sector social: •Cipriano Luis Jiménez Casas •Xan F. Centrón Montero •Francisco Piñeiro Lorenzo		
Escusan asistencia	•Sector docente: Rafael Dominguez de la Iglesia •Sector usuarios/as: José F. Rodríguez Pérez •Sector usuarios/as: Juan José Piñeiro Martínez •Sector usuarios/as: María Dolores Irazo Simo •Sector usuarios/as: Beatriz Blanco Bastos •Sector usuarios/as: Mª Cristina de la Calle Rodríguez •Sector usuarios/as: Julia Fernández Casado •Sector usuarios/as: Cynthia B. Pereira Romero •Sector usuarios/as: Silvana Mª Moscoso Pérez •Sector social: Manuel Rodríguez González •Sector social: Mª Olga Alonso Suárez •Sector social: Joaquín Pereira Somoza •Sector social: José Antonio Fernández Rodríguez		
Non asisten	•Sector docente: Marina Pérez Costas •Sector social: Ángeles Arias Miño •Sector social: Consuelo Martínez García •Sector social: Rodrigo Romaní Blanco		
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila(Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV).		

Orde do día

1. Lectura e aprobación da Acta anterior, se procede.
2. Renovación regulamentaria dos membros do CEMV.
3. Informe da Presidenta do CEMV.
4. Informes das Comisións de Traballo.
5. Informe memoria sobre as Xornadas sobre Convivencia Escolar.
6. Propostas e mocións
 - Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa.
7. Rogos e preguntas

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1.- Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.

A Presidenta pregunta se algún dos presentes quere facer algunha modificación á acta da sesión anterior. Non sendo así procédese á votación.

Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior.

2.- Renovación regulamentaria dos membros do CEMV.

O secretario explica en que consiste a renovación de membros do CEMV para o que fai referencia ao artigo 7 do seu regulamento:

Artigo 7. Perda da condición de conselleiro/a

Os/as conselleiros/as perderán a súa condición de membros do CEMV por algunha das seguintes causas:

a) Expiración do prazo do seu mandato.

A renovación dos cargos farase por metades cada dous cursos, a excepción do grupo de alumnos/as que se renovará cada dous anos na súa totalidade.

Pedro M^a Vázquez explica que se comezará agora este proceso de renovación coa idea de que no próximo Pleno xa se presenten aos novos membros. Asemade

aclara que aínda que se fala de renovación, se unha institución quere volver a presentar ao mesmo candidato, pode facelo sen problema. Pedro M^a Vázquez explica que para que o proceso sexa o máis xusto posible, se fará un sorteo por sectores para saber cales son os membros a renovar:

SECTOR DOCENTE: (Renovación de 5 membros)

Cada un dos tres sindicatos maioritarios (CCOO, CIG e UXT), que actualmente contan con máis dun representante no CEMV, renovará un dos seus membros. Os outros dous membros a renovar sortearase entre os tres sindicatos restantes (FSIE, USO e STEG).

SECTOR USUARIOS: Este sector está composto por pais, nais e alumnado. Posto que o alumnado se renovará na súa totalidade nun proceso diferente, agora só se procederá a renovar a tres dos representantes das asociacións de pais e nais.

Así, sortearase entre FOANPAS e SURGAPA cal das dúas asociacións renova a dous membros e cal a un.

SECTOR SOCIAL: (Renovación de 5 membros)

Sortearase entre os 10 membros cales son os 5 cargos que se renovan.

Explicado o sistema de renovación procédese aos sorteos co seguinte resultado:

- No sector docente renovarase un representante de cada un destes sindicatos: CCOO, CIG, UXT, STEG, FSIE
- No sector usuarios renovaranse dous membros de FOANPAS e un de SURGAPA.
- No sector social renovaranse os seguintes representantes: Director/a centros públicos secundaria, Central sindical (non ámbito educativo), Titular centros privados, Consello Municipal da Muller, Ensinanzas artísticas

Pedro M^a Vázquez indica que unha vez se reanude o curso escolar se lles enviará comunicación a todas estas entidades para que propoñan os seus candidatos.

3.- Informe da Presidenta do CEMV.

A presidenta comeza lembrando o acordo adoptado no último pleno do 16 de febreiro de transmitir á Consellería de Educación a necesidade de elaboración dun mapa escolar axeitado para a cidade de Vigo. Respecto a isto, informa de que se lle transmitiu ao Xefe Territorial e que se recibiu resposta o 11 de maio dicindo que o

documento que circulaba era só un suposto borrador, que non era nada oficial. Que en relación á elaboración do mapa de influencia que se vai seguir a lei e que son sabedores de que teñen que ser oídos os Consellos Escolares e que, polo tanto, cando este se faga, o CEMV será oído. Así é todo lembran que aínda que se tomen en consideración as alegacións, isto non implica ningunha vinculación en relación á decisión final que adopte o órgano ou autoridade que lle corresponda. Por outra banda e respondendo á petición de que se encargue un estudo a unha institución independente como a Universidade de Vigo, responden que o CEMV é un órgano perfectamente competente para encargar os estudos que considere oportunos, pero que, en calquera caso, tampouco serán vinculantes para a Consellería de Educación.

A Presidenta continúa facendo un resumo xeral sobre o investido polo Concello de Vigo durante o último ano en materia de educación:

4.662.107,3.-€ EN CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

- 53 centros escolares con 175.000 m2 de superficie edificada e 300.000 m2 de superficie de terreos que acollen a preto de 11.000 alumnos/as.
- Aumento dun 32% do Programa Municipal de Autoxestión para conservación, reparación e mantemento ordinario e preventivo das instalacións escolares por importe de 291.065,19.-€
- Subministro eléctrico (602.167.-€) / Combustibles - carburantes para calefaccións de gas e gasoil (80.000.-€) / Servizo de limpeza dos centros públicos de infantil e primaria (2.682.532,32.-€).
- 32 actuacións e obras máis relevantes de mantemento colexios públicos: 438.342,96.€
- Investimentos nos edificios escolares por importe de 568.000.-€

945.694.-€ REDE DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 1ª ETAPA (0-3 ANOS).-

Situación REIM	Equipamentos Infantís 0-3 anos	Prazas
En funcionamento 4 escolas 2011	EIM Santa Cristina Lavadores / EIM Atalaia Teis / EIM Santa Marta Casco Vello / EIM Costeira Saiáns	302
Inminente apertura 2 novas escolas ano 2012	EIM Tomás Alonso / EIM Bouzas	144

	TOTAL PRAZAS OFERTADAS	6	446
	ESCOLAS		
INVESTIMENTO	XESTIÓN DAS ESCOLAS		832.394.-€
INVESTIMENTO	OBRAS, DOTACIÓN MOBILIARIO, EQUIPAMENT		113.300.-€
Previsión futura 4 novas escolas	EIM Mestres Goldar / EIM Navia / EIM Doblada / EIM Lavadores		328

716.637,74.-€ E 972 ALUMNOS/AS ESCOLAS MUNICIPAIS.-

- A Escola Municipal de Música (EMMV) 488 alumnos/as / Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD) 359 alumnos/as / Escola Municipal de Teatro 125 alumnos/as.
- Actuacións na rúa co gallo do Día das Letras Galegas (14, 15 e 16 de maio 2012).
- Festival Fin de curso 2011-2012, con actuacións en sala e actividades na rúa (maio-xuño 2012)
- Festival Entroido 2012 (febreiro 2012)
- Participación na Mostra musical do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular (abril 2012)
- Audicións de alumnado, concertos didácticos monográficos, intercambios, etc
- Programa europeo ENFO (European Network of Folk Orchestras): concertos, reunións, masterclasses, ...: Turín, 30/07-03/07/2011; Helsinki, 05/09-10/09/2011; Vigo, 05/04-08/04/2012
- Programa "A telón quitao" (xaneiro, febreiro 2012).
- Actividade "Día internacional do teatro" (27/03/2012).
- III Xornadas de Teatro Escolar, no Auditorio municipal, do 7 ao 10 de maio de 2012.
- Estrea "O rapto da bibliotecaria" no C.C. Valadares (17 de maio de 2012)

1.331.267,33.-€ E 538 ALUMNOS/AS ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS (EMAO).-

PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN EDUCATIVA: TOTAL INVESTIMENTO 1.740.589.-€

1.170.000.-€ PROGRAMAS EDUCATIVOS MELLORA COMPETENCIA INGLÉS.-

440 becas (283 rede pública e 157 rede concertada) de inmersión en lingua inglesa (19 cidades inglesas e irlandesas e 21 High Schools) para alumnado de 4º da ESO de 52 centros escolares (18 Institutos e 34 centros concertados) "VIGO EN INGLÉS" cun

investimento de 1.070.000.-€, ademais das 72 becas municipais para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) cun investimento de 100.000.-€ (Londres, París, Berlín, Roma e Lisboa)

37.550.-€ PROGRAMA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS.

36.000.-€ PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL “ESCOLA E ARTE”: 2.000 escolares a Mostra Itinerante, o II Certame de Arte Postal, II Certame de Banda Deseñada e II Certame de Arte Infantil.

12.000.-€ PROGRAMA DE APOIO E POSTA EN VALOR DO ENSINO PÚBLICO: Cooperación cos centros escolares que obteñen recoñecementos, galardóns, premios en distintas convocatorias como olimpíada matemática, programas europeos Comenius, Rebumbio matemático ...

3.000.-€ CONMEMORACIÓN DÍA DAS LETRAS GALEGAS: Adquisición de 300 exemplares da biografía e traxectoria do polifacético homenaxeado Valentín Paz Andrade, ademais de promover conferencias de autor nos centros de ensino.

6.000.-€ DIFUSIÓN DA OFERTA ESCOLAR DA CIDADE: Como novidade, editouse a “Guía de Centros Públicos e Concertados da Cidade de Vigo” nunha nova publicación baseada na tecnoloxía dixital, tendo en conta o potencial innovador e transformador das TICs (tecnoloxías da información e comunicación) na escola, como peza clave nun sistema educativo que realmente quere formar para o futuro. Este novo soporte web “www.escolasvigo.org” supuxo un recurso ou aplicación práctica motivadora para os docentes, discentes e familias, que converteu os nosos centros escolares en institucións educativas abertas á formación dixital como factor de evolución e innovación esenciais. Inicialmente o sitio web aloxa a citada guía cos contidos recollidos nas fichas descritivas dos centros educativos, así como espazos específicos para novas propias de cada escola, galerías de fotografías e vídeos a través de “youtube” e ubicación con mapas de “googlemaps”.

APOIO Á COMUNIDADE EDUCATIVA: 476.039,31.-€ CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ANPAS (FOANPA): Financiamento municipal 52 Anpas do servizo de 31 comedores para preto de 2.150

comensais diarios e 600 escolares de aulas matinais, das actividades extraescolares de preto de 9.000 alumnos/as.

FINANCIACIÓN XORNADAS DE CONVIVENCIA ESCOLAR PROMOVIDAS POLO CEMV

OUTROS PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN EDUCATIVA PROMOVIDOS POLO CONCELLO-

- **224.000.-€ programa municipal de escolas deportivas da Concellería de Deportes e do Instituto Municipal dos Deportes (IMD):** 4.068 prazas en 26 modalidades deportivas para nenos e nenas empadroados en Vigo (de 6 a 18 anos)
- **144.000.-€ Programa de Educación Vial da Policía Local:** Participan preto de 18.000 escolares de 40 centros educativos da cidade.
- **Programa municipal “Camiño a Camiño” Concellería Medioambiente:** 4000 participantes actividades para a infancia, a xuventude roteiros pola cidade e saídas fóra do municipio. Ruta panorámica de Vigo (tamén denominada GR53), que ao longo de preto de 40 KM permite coñecer unha boa parte do patrimonio natural que conforman os parques forestais de Vigo. Senda da Auga Pazos de Borbén e de Fornelos de Montes, percorrido por todos os faros da ría de Vigo, tanto os existentes na península do Morrazo e nas Illas Cíes, roteiros por Cabeza de Manzaneda e polas Médulas, deportes relacionados coa natureza (escalada, submarinismo, remo en kaiak, rocódromos portátiles.treking, rappel etc)
- **50.000.-€ Campamentos de Verán departamentos de Xuventude, Deportes e Benestar Social, :** 2.625 prazas dende os 4 e ata os 35 anos. nas actividades de ocio e formación. Segundo o tipo de actividade, o programa está dividido en tres bloques: Campamentos urbanos (pernocta en Vigozoo, Castro), actividades xuvenís (Illas Cíes) e ludotecas..
- **22.000.-€ Convenio para que os institutos públicos usen gratis as instalacións deportivas municipais:** 5 institutos públicos da cidade e o IMD para que 1.500 estudantes poidan usar as instalacións deportivas públicas de xeito gratuíto. Os centros que se suman a esta iniciativa son: Colexio Altamar, IES Santo Tomé de Freixeiro, IES Santa Irene, IES A Guía, e IES Teis e as instalacións que disfrutarán son as seguintes: pavillón Municipal do Frontón,

pavillón municipal Pista Vermella, pavillón municipal do Carmen, pavillón municipal de Teis e piscina municipal de Teis.

- **74.600.-€ Programación del Auditorio Municipal Concellería Cultura:** Actividades de teatro, comedia, monicreques, monólogos, maxia, danza, e música para público familiar e adulto.
- **Programa municipal para conmemorar o Día Internacional do Libro, da Casa Galega da Cultura, a Biblioteca Xosé Neira Vilas, o Museo MARCO e Súbete ao Castro:** Bookcrossing ou campaña de liberación de 5000 libros
- **Programa Municipal de terapia con cans:** Dentro do Plan Saúde municipal, o Concello de Vigo dispón dun equipo de terapia composto por dúas cadelas (proceden da Protectora de Animais, tras ser rehabilitadas e educadas para a súa nova función social), unha terapeuta ocupacional, unha psicóloga e un educador canino para traballar con enfermos de alzheimer e nenos con hiperactividade e déficit de atención.
- **Obradoiros de horta urbana ecolóxica da Concellería de Xuventude:** Sensibilizar en materia ambiental e de sustentabilidade e dar a coñecer fundamentos de agricultura ecolóxica para mozas e mozos de Vigo ata os 35 anos de idade.
- **Talleres infantís de construcións de caixas nido da Concellería de Medio Ambiente:** De madeira reciclada, para as aves migratorias que se instalan en zonas húmidas (a Bouza), e en áreas axardinadas da nosa cidade: O Castro ou Castrelos.
- **Cursos municipais de formación ambiental:** 10.000 persoas están a participar en iniciativas como a limpeza de plantas invasoras no río Lagares, observacións mariñas nas praias da cidade.
- **Programa Municipal “Súbete ao Castro” da Concellería de Xuventude:** Para xoves de 13 a 35 anos actividades de música nos “castroconcertos”, obradoiros artísticos, teatro en “castroescea”, xogos e deportes alternativos, charlas e conferencias de interese, programa de radio web “súbete ao castro”, programa de asesoramento nutricional e hábitos saudables “síntome ben”, punto xove de asesoramento e información xuvenil, “Vigosónico” locais de ensaios e estudo de gravación no parque industrial de Valadares.
- **Campamentos Urbanos da Casa da Xuventude:** Nenos/as de 4 a 14 anos participan do bosque encantando en Bouzas, verán en Samil, Xogaconvigo no Cep Doutor Fléming, Expedición en Vicus no Castro, Verán en Vigosónico,

Verán Mariñeiro en Bouzas, campamento urbano no pavillón das Travesas, Ludoverán en Samil e Bouzas, Acampada no Vigozoo.

- **Rede de Ludotecas da Concellería de Xuventude:** Casa da Xuventude, Pavillón de Coia, Calvario, Coruxo no Ceip Tintureira, Lavadores e centros cívicos de CVello – Coruxo – Teis–Saiáns.

4.- Informes das Comisións de traballo

Informe da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa

Tereixa Otero, Presidenta da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa, dá conta do informe desta comisión:

Desde a última Xuntanza Plenaria celebrada o 16 de febreiro do 2012, esta Comisión reuniuse dúas veces para traballar nos catro temas centrais establecidos no noso plan de traballo para este curso.

- * Mapa escolar
- * Comedores escolares
- * Instalacións deportivas
- * Mantemento e infraestruturas

Nestas xuntanzas elaboramos unha moción que recolle unha serie de demandas dentro destes catro puntos, como son:

- Ampliar a oferta de prazas públicas en todos os niveis educativos da cidade.
- Creación de centros educativos públicos nas zonas de gran crecemento demográfico.
- Ampliación da oferta de prazas públicas no 1º ciclo da EI.
- Ampliación da rede de transporte escolar pública.
- Renovación das infraestruturas dalgúns centros que o precisan.
- Consolidación e reforzo da atención educativa.
- Execución das actuacións comprometidas nos comedores existentes.

Informe de cambio no organigrama da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa.

José F. Rodríguez Pérez comunica que aínda que si quere seguir participando neste grupo de traballo, élle imposible seguir exercendo o cargo de Secretario. Segundo establece o artigo 15.6. do Regulamento, “os membros das comisións de traballo elixirán de entre eles a aquel que actuará como secretario desta”.

Así, na xuntanza do 22 de marzo Olga Alonso Suárez, vogal desta comisión, ofrécese a ocupar este cargo sendo aprobado este cambio por unanimidade.

O organigrama resultante é:

Presidenta	Tereixa Otero Dacosta
Secretario	Olga Alonso Suárez
Vogal	José F. Rodríguez Pérez

Informe da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa

M^a Carmen Lorenzo como Presidenta desta Comisión informa da actividade levada a cabo no último trimestre:

Desde a última Xuntanza Plenaria celebrada o 16 de febreiro do 2012, esta Comisión reuniuse dúas veces para traballar no eixo central do seu plan de traballo para este curso escolar, as Xornadas sobre Convivencia escolar.

Durante este tempo fixéronse todas as xestións necesarias para que se levara a cabo con éxito esta actividade que se celebrou durante os días 4 e 5 de maio. Na última xuntanza realizouse a avaliación das xornadas e acordouse darlles continuidade co apoio mostrado pola Concelleira de Educación no acto de clausura, con carácter bianual.

Tendo en conta que este ano se traballou a convivencia desde un plano teórico, esta Comisión está interesada en traballar durante o próximo ano nunha actividade de carácter práctico no que se vira plasmado todo o recollido durante as xornadas. Unha das propostas é a de organizar unhas “olimpiadas” para escolares de primaria do Concello de Vigo nas que participe alumnado de diferentes centros, nais e pais, e todos os membros da comunidade educativa de Vigo.

Todo o referente ás xornadas, presentarase na “Memoria das Xornadas sobre Convivencia Escolar” que acompaña a este informe.

Outra das accións que esta comisión está a levar a cabo é a de solicitar do Concello que se elabore unha guía de recursos e servizos municipais de interese para a comunidade educativa que facilite o acceso a información.

5.- Informe memoria sobre as Xornadas sobre Convivencia Escolar

A presidenta da Comisión Pedagóxica e de innovación educativa presenta o informe sobre as Xornadas sobre convivencia escolar do CEMV:

Contidos

- 1 | 2 Presentación
- 2 | 3 Programa das Xornadas
- 3 | 4 Datos técnicos
- 4 | 6 Análise da participación
- 5 | 8 Conclusións
- 6 | 8 Avaliación das xornadas

Anexos:

- I | 10 Imaxes das Xornadas
- II | 12 As Xornadas na prensa
- III | 14 Deseños das Xornadas



1. Presentación

O Consello Escolar Municipal de Vigo, CEMV, é un lugar de encontro, un foro para reflexión e debate da situación educativa do municipio e para o fomento da cultura da participación e da expresión directa da cidadanía.

Este órgano colexiado, consciente da necesidade de traballar a prol dunha coordinación e participación de maior calidade entre os distintos membros da comunidade educativa e os distintos axentes sociais, a través dunha das súas comisións de traballo, a Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa, vén traballando desde o ano 2010 no eido da convivencia escolar, eixo temático destas xornadas.

Esta iniciativa didáctico-formativa está pensada para actuar na prevención de situacións que dificulten a convivencia, para recoller as boas prácticas sobre convivencia que de forma non visible se están levando a cabo en distintos centros e institucións; e en definitiva para xerar un espazo de reflexión compartida sobre a convivencia e impulsar e dinamizar formas de participación coordinadas e programas integradores.

2. Programa das Xornadas

Venres 4 de maio	
16:00-16:30h	Acreditación dos participantes
16:30-17:00h	ACTO INAUGURAL Abel Caballero, Alcalde de Vigo Raquel Díaz Vázquez, Presidenta do Consello Escolar Municipal de Vigo e Concelleira de Educación do Concello de Vigo
17:00-18:30h	CONFERENCIA INAUGURAL Javier Urra Portillo, Doutor en Psicoloxía
18:30-19:00	DESCANSO
19:00-19:30	CONFERENCIA: Historia e andares do programa “Aprender a Convivir”. Experiencia do I.E.S. de Teis. - Pedro Mª Vázquez, Xefe do Servizo de Educación do Concello de Vigo - Fernando Carrasco, Director do I.E.S. de Teis
19:30-20:30h	EXPOSICIÓN de experiencias de boas prácticas recollidas polo CEMV en materia de convivencia en diferentes Centros Educativos. (1ª Parte) - CEIP IGREXA CANDEÁN - CPR NUESTRA SEÑORA DE LA ESPERANZA - EEI MONTE ALBA - CPR SANTA CRISTINA
Sábado 5 de maio	
9:30-10:30h	EXPOSICIÓN de experiencias de boas prácticas recollidas polo CEMV en materia de convivencia en diferentes Centros Educativos. (2ª Parte) - CEIP PINTOR LAXEIRO - CPR MONTERREY - EEI RÚA ARAGÓN - FOANPAS
10:30-12:30h	MESA REDONDA: Cara a un Plan de Convivencia Municipal. Unha visión compartida Modera: Ana Rosa Lorenzo Vila, CIDADANIA, Sociedade Cooperativa Galega. Interven: - Carme Díaz, Orientadora do IES Lucus Augusto, membro de Educadores pola Paz - Diana Freire López, Responsable provincial do Programa Sen Violencia-Convivencia, Cruz Vermella J. Amador Bernardo Vázquez, Secretario do Plan comunitario de Teis - Luis Alberto Luaces, Inspector da Policía Nacional - Marcela D’Ambrosio Ingraó, Mediadora intercultural Concello Vigo - Ángeles Montero Gómez, Coordinadora do centro de menores Alborada
12:30-13:00h	DESCANSO
13:00-13:30h	CONCLUSIÓNS DAS XORNADAS E ACTO DE CLAUSURA Raquel Díaz Vázquez, Presidenta do Consello Escolar Municipal de Vigo e Concelleira de Educación do Concello de Vigo Mª del Carmen Lorenzo Vila, Presidenta da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa do CEMV
13:30h	Entrega de diplomas de asistencia

3. Datos técnicos

Lugar e data de celebración

Paraninfo do IES Santa Irene 4 e 5 de maio de 2012

Cronograma de difusión e inscrición



DATA	ACCIÓN	OBSERVACIÓNS
10 de abril	Envío do programa por correo ordinario e subida á web da información relativa ás Xornadas	O envío por correo ordinario fíxose a tódolos membros do CEMV, aos centros educativos do Concello de Vigo e a tódolos relatores/as das xornadas
11 de abril	Envío do programa por correo electrónico	O envío por correo electrónico fíxose a tódolos membros do CEMV, aos centros educativos do Concello de Vigo e as Facultades de Educación da Universidade de Vigo
12 de abril	Activación do formulario de inscrición na web	
Do 12 ao 26 de abril	Prazo de inscrición	Inscrición a través de formulario da web
23 de abril	Envío de reforzo indicando o inminente peche de prazo de inscrición	Envío por electrónico a tódolos membros do CEMV e aos centros educativos do Concello de Vigo
Do 27 ao 30 de abril	Sistematización da información	
30 de abril	Confirmación da aceptación de solicitudes	A través de correo electrónico
4 e 5 de maio	Celebración das Xornadas	

Representantes dos Centros Educativos e organismos que presentaron as súas boas prácticas nas Xornadas

1. CEIP IGREXA CANDEÁN
Daniel Ferreiro Vinuesa, Mestre de Educación Física e Psicomotricidade
2. CPR NUESTRA SEÑORA DE LA ESPERANZA
Alejandro Vagheti Jou, Psicólogo Orientador
3. EEI MONTE ALBA
Elena Pardo Corominas, Mestra de EI
4. CPR SANTA CRISTINA
Belén De Manuel Iglesias, Orientadora
5. CEIP PINTOR LAXEIRO
M^a Paz Fernández López, Directora
6. CPR MONTERREY
M^a Carmen Lorenzo Vila, Psicóloga-Orientadora
7. EEI RÚA ARAGÓN
M^a José Miguéns González, Mestra de EI
8. FOANPAS
M^a Bertila Fernández Pérez, Vogal da Federación

4. Análise da participación

Inscritos: 135 dos cales 27 non se presentaron ningún dos dous días



5. Conclusións extraídas das Xornadas

Familia e escola, como institucións socializadoras primordiais, e co apoio dos poderes públicos e medios de comunicación, debemos traballar con responsabilidade a prol de seguir acadando un obxectivo educativo en si mesmo, tal como é, a construción colectiva de comunidades de aprendizaxe asentadas nas relación humanas e no consenso dunha convivencia democrática e participativa.

Cómpre reivindicar o noso compromiso na procura dun futuro máis solidario, sustentado en intervencións educativas baseadas na plena vixencia do contido que se recolle no artigo 26.2 da Declaración dos Dereitos Humanos: A educación ten como obxectivo o pleno desenvolvemento da personalidade humana e o fortalecemento do respecto aos dereitos da persoa e liberdades fundamentais como a tolerancia, comprensión e igualdade fronte a fanatismo e violencia.

6. Avaliación das Xornadas

A cantidade de elementos obxecto de avaliación levou á Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa do CEMV a utilizar unha ferramenta de diagnose baseada na matriz DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas y Oportunidades) para dar unha resposta máis concreta e intuitiva da avaliación destas Xornadas. A matriz componse por elementos avaliativos internos (Fortalezas e Debilidades) e externos (Oportunidades e Amezas). Baseándonos polo tanto neste sistema concluímos os seguintes puntos principais de análise:

FORTALEZAS:

- A duración total das Xornadas, implementadas en dúas medias xornadas (venres tarde e sábado mañá), facilita o seguimento das mesmas e permite a participación de todos os interesados en, canda menos, algún momento.
- A loxística conformada polos medios de apoio audiovisuais facilita o seguimento do relato exposto por cada poñente e axuda a comprender as boas prácticas expostas en cada experiencia escolar.
- O espazo para o desenvolvemento das Xornadas, o salón de actos dun instituto de educación secundaria da cidade, estimula o clima escolar e xera de por si o contexto marco do acto. Un espazo próximo, recoñecible e próximo.
- O material de apoio entregado polo CEMV para cada asistente: carpeta + bolígrafo + follas para anotar, é imprescindible para visibilizar as Xornadas e, por extensión o CEMV, así como para tomar notas de datos interesantes e anotar inquedanzas e suxestións que propor posteriormente no tempo previsto para a participación dos asistentes na quenda de preguntas.
- A loxística organizativa con persoal de apoio claramente identificable axuda aos asistentes a recoñecer ás persoas as cales poder dirixirse en caso de dúbida e facilitan a dinamización dos turnos de palabra entre os presentes nas butacas.
- A apertura das Xornadas, realizada por un poñente de recoñecemento social e de contrastada experiencia no campo da resolución de conflitos, contribúe ao aumento do número de inscritos, sitúa o contexto inicial das xornadas e xera interrogantes nas persoas alí presentes.
- A experiencia exposta acerca do programa educativo municipal *Aprender a Convivir*, pon de manifesto a importancia e necesidade dunha coordinación pedagóxica intramunicipal do tema da convivencia escolar nos centros educativos da cidade de Vigo.
- A combinación de ponencias teóricas e prácticas na implementación das Xornadas posibilita aos asistentes unha maior atención e aproveitamento das Xornadas.
- A descarga dos materiais presentados nas Xornadas, dende a páxina web do CEMV, permite a todos os asistentes seguir os diferentes discursos e traballar previamente os contidos para formular inquedanzas e centrar a atención no relato.
- Os tempos dados a cada relator aseguran unha exposición concreta e directa apoiada en diferentes medios que axuden a visibilizar e acompañar o discurso do ponente.

DEBILIDADES:

- A ficha de inscrición nas Xornadas, na cal había que cubrir a profesión dos asistentes, non explicaba claramente que as familias (non docentes) debían marcar esta condición de membro da comunidade escolar.
- Dificultade na organización previa do espazo físico para a implementación das Xornadas. Ao tratarse dun centro de ensino, a persoas encargadas da organización do acto teñen que adaptarse aos horarios de apertura do instituto.
- Escaso control previo por parte da organización dos medios técnicos audiovisuais de apoio facilitados polo centro de ensino.
- Imposibilidade de facer un encontro común (físico ou virtual) cos relatores da mesa redonda antes das xornadas para extraer un par de ideas principais de cada experiencia para trasladar aos asistentes uns puntos de referencia e reflexión inicial antes da dinámica de grupos e reflexión final na elaboración de propostas de cara a creación dun plan de convivencia municipal.
- Dificultade da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa do CEMV de motivar aos compañeiros/as Conselleiros/as para inscribirse nas Xornadas.
- Non se reflectiu ningunha experiencia de boas prácticas na etapa educativa de infantil do tramo 0-3 anos.

OPORTUNIDADES:

- As experiencias de boas prácticas expostas facilita á comunidade escolar unha visión real do tema abordado nunha realidade próxima
- A exposición de boas prácticas realizado por centros escolares de diferentes etapas educativas e pertencentes tanto á rede pública como privada-concertada pon en valor unha visión diferente pero conxunta da importancia do tema da convivencia na tríade familia-escola-comunidade dende diferentes perspectivas moi enriquecedoras.
- A visión da convivencia escolar dende o punto de vista das familias exposta pola Federación de ANPAS asenta as bases da mesma axudando a comprender que todos os axentes educativos conforman piares básicos da convivencia en diferentes sectores da educación pero con repercusións conxuntas, enfatizando a necesidade do diálogo e da posta en común entre o sector docente e as familias.
- A mesa redonda, na cal participaron voces de distintos sectores sociais relacionados co ámbito socioeducativo no marco da convivencia facilita a amplitude de miras e opcións de traballo na construción conxunta dunha comunidade activa e concienciada en valores convivencias de cara ao traballo cooperativo e conxunto por un modelo de sociedade cívico básico na escola
- O exercicio práctico final permite recoller de maneira máis concreta os aspectos abordados no transcurso das Xornadas, elaborar reflexións e priorizar actuacións imprescindibles de cara á creación de pautas sinxelas e concretas na materia tanto na Administración como na escola, na casa ou no comunitario.
- O perfil das persoas relatoras de cada experiencia denota confianza, experiencia e profesionalidade, motivo polo cal se outorga validez a esas boas prácticas e permite a adaptación a diferentes contextos e situacións na cidade en xeral e nos centros escolares de Vigo en particular.
- A composición da mesa redonda, que vai máis alá do sector docente adscrito a centros de ensino regrado, xera as bases dun tecido socioeducativo afincado na cidade que permite abordar o tema central das Xornadas dende diferentes ámbitos e cun fin común compartido. Contribúe á visibilización de persoas e entidades que podan fortalecer e servir como apoio á cidadanía e aos centros escolares de Vigo.
- O perfil dos asistentes, moi relacionado co eido socioeducativo e escolar, garante un

aproveitamento exitoso das experiencias de boas prácticas expostas e favorece a expansión das mesmas polo entorno municipal.

AMEAZAS:

- A aceptación das Xornadas non chegou por igual a todos os sectores da comunidade escolar, polos datos de inscrición non se denota moita aceptación por parte das familias, o cal dificulta un aproveitamento homoxéneo dos relatos
- Escasa acollida e visibilización das Xornadas por parte dos medios de comunicación locais, o cal provocou que moita xente non estivera informada dos períodos de inscrición e tampouco contribúe a concienciación da importancia dos plans de convivencia escolares e municipais.
- Ao tratarse dun espazo alleo ao CEMV, a ubicación dos elementos de apoio audiovisual non se poden situar na lugar máis apropiado, por exemplo: a pantalla do proxector coincide xusto no medio da mesa presidencial e detrás dos relatores, o que obriga a dividir a mesa en dous espazos diferenciados.
- Dificultade para que a organización das Xornadas teña con tempo suficiente o material de apoio dos relatores para publicalo na páxina web do CEMV e para editar unha portada común para todos que traslade a imaxe corporativa e homoxénea do CEMV
- O efecto chamada dun relator de renome que inaugure as Xornadas, non garante que haxa continuidade no desenvolvemento das mesmas ao día seguinte.

Apoiándonos nos datos expostos anteriormente concluímos a seguinte valoración final:

En termos xerais pode dicirse que o resultado avaliativo destas Xornadas municipais de Convivencia Escolar foi moi satisfactorio. Cumpriuse o obxectivo principal pensado pola Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa deste Consello Escolar Municipal de Vigo, un obxectivo claro e concreto: dotar á comunidade escolar de diferentes ferramentas didácticas a través da formación para poder previr aquelas situacións que dificulten a convivencia, baseándonos na recollida de boas prácticas sobre convivencia que de forma non visible se están a levar a cabo en distintos centros e institucións.

A avaliación destas Xornadas pon de manifesto a clara superación da meta prevista no exercicio final das xornada, na cal, a través dunha dinámica de grupos, todos os alí presentes fomos quen de xerar un espazo de reflexión compartida sobre a convivencia e de propor diferentes formas de participación coordinadas e programas integradores no eido escolar. Así, preparamos as bases dun posible plan de convivencia municipal.

Nestas conclusións dos asistentes se fixo especial fincapé, cun sentimento case unánime, da necesidade de restablecer un programa educativo municipal como foi *Aprender a Convivir*, que coordine as diferentes actuacións entre os centros de ensino da cidade de Vigo. Un programa que facilite recursos bibliográficos, visuais e de asesoramento de cara a manter unha convivencia efectiva no entorno escolar e a previr situacións de conflito con mecanismos de mediación e protocolos homoxéneos aínda que, obviamente, adaptables ás características dos centros de ensino nos que se implemente.

Os alí presentes, co apoio da Presidenta do Consello Escolar Municipal e Concelleira de Educación de Vigo, Dña. Raquel Díaz Vázquez, expresamos a importancia enriquecedora do desenvolvemento de actos deste tipo e expresamos o desexo de darlle continuidade a este proxecto con actividades prácticas relacionadas co tema e co compromiso de deseñar unhas II Xornadas sobre Convivencia Escolar.

Este compromiso público adquirido garante o traballo desta Comisión como lugar dinamizador e aglutinador de propostas que sirvan para ir configurando o contido do PLAN DE CONVIVENCIA EDUCATIVO MUNICIPAL. Para o que é preciso unha maior implicación de tódolos axentes tanto dende esta Comisión como dende o Consello Escolar Municipal de Vigo en xeral.

En base a estas conclusións de valoración das Xornadas sobre Convivencia Escolar do CEMV, a Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa extrae a seguinte reflexión:

Só a través da creación dun entorno educativo democrático podemos prever o desenvolvemento do autoritarismo, dun mercantilismo desenfreado, do conformismo, da mentalidade policial, dun engano emocional, da violencia... Se algo ou alguén pode salvar o mundo, son os propios cidadáns concienciados nunha educación integradora, democrática, participativa, volcada no desenvolvemento dos mais cativos como cidadáns en formación. Dende unha pedagogía sistémica que dea a cada quen o seu lugar para así garantir unha boa convivencia.

Anexo I.- Imaxes das Xornadas



Acto de inauguración das Xornadas



Conferencia "Historia e andares do programa Aprender a Convivir



Exposición boas prácticas Centros Educativos



Exposición boas prácticas Centros Educativos



Conferencia inaugural a cargo de Javier Urra



Exposición boas prácticas Centros Educativos



Mesa redonda "Cara a un plan de convivencia municipal"



Raquel Díaz, Concelleira de Educación e Presidenta do CEMV na clausura das Xornadas



Dinámica de grupo Cara a un plan de convivencia Municipal. Unha visión compartida



Trala clausura das Xornadas

Anexo II.- As Xornadas na Prensa

XORNAL VIGO

martes, 24 de abril de 2012

Os interesados poden formalizar a súa inscrición en "www.cemv.vigo.org" antes do 26 de abril
O Consello escolar Municipal de Vigo organiza as "Xornadas sobre convivencia escolar"

A celebrar durante os días 4 e 5 de maio no Paraninfo do IES Santa Irene, serán un lugar para a reflexión, o intercambio de experiencias e a posta en común de estratexias que permitan afondar na prevención e encarar satisfactoriamente as diferentes situacións de conflito que se produzan no ámbito educativo.

O Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV), que preside a concelleira de Educación, Raquel Díaz Vázquez, é un lugar de encontro, un foro para a reflexión e debate da situación educativa do municipio e para o fomento da cultura da participación e da expresión directa da cidadanía.

Un dos obxectivos que se recollen no seu regulamento é o de fomentar o respecto pola liberdade, a convivencia, a igualdade, a xustiza, o pluralismo e a normalización da lingua galega na comunidade educativa. Co fin de alcanzar este obxectivo, este órgano, a través dunha das súas comisións de traballo, a Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa, ven traballando desde o ano 2010 no eido da Convivencia Escolar e ten previsto desenvolver as "Xornadas sobre Convivencia Escolar" que se celebrarán os días 4 e 5 de maio no Paraninfo do IES Santa Irene.

Esta iniciativa didáctico-formativa está pensada para actuar na prevención de situacións que dificulten a convivencia, para recoller as boas prácticas sobre convivencia que de forma non visible se están levando a cabo en distintos centros e institucións; é en definitiva para xerar un espazo de reflexión compartida sobre a convivencia e impulsar e dinamizar formas de participación coordinadas e programas integradores.

O programa das xornadas inaugurarase coa conferencia de Javier Urra, doutor en Psicoloxía e pedagogo terapeuta que leva adicada gran parte da súa carreira profesional aos mozos conflitivos e á infancia. Este profesional de recoñecido prestixio foi o primeiro Defensor do Menor e o Presidente da Rede Europea de Defensores do Menor. É ademais psicólogo en excedencia voluntaria na Fiscalía do Tribunal Superior de Justicia e Juzgados de Menores de Madrid e ademais ostenta diferentes cargos coma o de Patrón da Fundación Pequeno Desexo ou Presidente da Comisión Deontolóxica do Colexio Oficial de Psicólogos de Madrid. Conta no seu haber con prestixiosos premios, é conferenciante habitual en foros nacionais e internacionais e é autor de diversos libros como Educar con sentido común, ¿Qué ocultan nuestros hijos? ¿Qué callan los padres? ou "El Pequeño Dictador. Cuando los padres son las Víctimas".

Durante as Xornadas haberá tamén tempo adicado ao intercambio de experiencias no eido da convivencia: O programa municipal "Aprender a Convivir" e a repercusión que tivo para a comunidade educativa do Concello de Vigo, e igualmente, representantes de diferentes centros educativos e entidades amosarán as experiencias que están a desenvolver na actualidade nesta materia.

O contido do programa que promove a Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa do CEMV, remata cunha mesa redonda que pretende ser un foro de discusión no que diferentes entidades e axentes sociais debatan sobre cal sería punto de arranque para un futuro Plan de Convivencia Municipal. Para máis información consultar web "www.cemv.vigo.org".

errador y los colegios

ucativo se extingue



INNOVACIÓN

Foro empresarial sobre Google Apps

El Círculo de Empresarios de Galicia-Club Financiero Vigo acogerá el próximo martes por la tarde un encuentro sobre Google Apps. Presentará el acto Luis Álvarez, coordinador del foro de la sociedad de la información del club, e intervendrá Antonio Alonso, director comercial de Google Enterprise para España, Italia y Portugal.

CONVIVENCIA ESCOLAR

Javier Urra participa en las jornadas

El primer Defensor del Menor, Javier Urra, es uno de los participantes en las jornadas que se iniciaron ayer en el instituto Santa Irene y que hoy concluyen. Organizadas por el Consejo Escolar Municipal su objetivo es una reflexión colectiva y un intercambio de experiencias que permitan profundizar en la prevención de las situaciones de conflicto que se producen en las aulas.

Anexo III.- Deseños das Xornadas



O Concello Escolar Municipal de Vigo, CEMV, é un lugar de encontro, un foro para reflexión e debate da situación educativa do municipio e para o fomento da cultura da participación e da expresión directa da cidadanía.

Este órgano colexiado, consciente da necesidade de traballar a prol dunha coordinación e participación de maior calidade entre os distintos membros da comunidade educativa e os distintos axentes sociais, a través dunha das súas comisións de traballo, a Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa, vén traballando desde o ano 2010 no eido da convivencia escolar, elixo temático destas xornadas.

Esta iniciativa didáctico-formativa está pensada para actuar na prevención de situacións que dificulten a convivencia, para recoller as boas prácticas sobre convivencia que de forma non visible se están levando a cabo en distintos centros e institucións; e en definitiva para xerar un espazo de reflexión compartida sobre a convivencia e impulsar e dinamizar formas de participación coordinadas e programas integradores.

Raquel Díaz Vázquez, Presidenta do Concello Escolar Municipal de Vigo




4/5 MAIO, VIGO

Paraninfo
do I.E.S. Santa Irene

Inscripción:
www.cemv.vigo.org

Programa

Venres 4 de maio

16:00-16:30h
Acreditación dos participantes

16:30-17:00h
ACTO INAUGURAL
Abel Caballero, Alcalde de Vigo
Raquel Díaz Vázquez, Presidenta do Concello Escolar Municipal de Vigo e Concelleira de Educación do Concello de Vigo

17:00-18:30h
CONFERENCIA INAUGURAL
Javier Urrea Portillo, Dr. en Psicoloxía e Dr. en Enfermería. Pedagogo terapeuta.
Profesor da Univer. Complutense de Madrid. Psicólogo da Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza. Primeiro Defensor do Menor. Contarullero e escritor

18:30-19:00h
DESCANSO

19:00-19:30h
CONFERENCIA: Historia e andares do programa "Aprender a Convivir". Experiencia do I.E.S. de Teis.
Pedro M. Vázquez, Xefe do Servizo de Educación do Concello de Vigo
Fernando Carrasco, Director do I.E.S. de Teis

19:30-20:30h
EXPOSICIÓN de experiencias de boas prácticas recollidas polo CEMV en materia de convivencia en diferentes Centros Educativos. (1ª Parte)
CEIP IGREXA CANDEÁN
CPR NUESTRA SEÑORA DE LA ESPERANZA
EEI MONTE ALBA
CPR SANTA CRISTINA

Sábado 5 de maio

9:30h-10:30h
EXPOSICIÓN de experiencias de boas prácticas recollidas polo CEMV en materia de convivencia en diferentes Centros Educativos. (2ª Parte)
CEIP PINTOR LAXEIRO
CPR MONTERREY
EEI RUA ARAGÓN
FOANPAS

10:30-12:30h
MESA REDONDA: «Cara a un Plan de Convivencia Municipal. Unha visión compartida»
Moderar: Ana Rosa Lorenzo Vila, CIDADANIA, Sociedade Cooperativa Galega.
Intervénen:
Carme Díaz, Orientadora do IES Lucas Augusto, membro de Educadores pola Paz
Diana Freire López, Responsable provincial do Programa Sen Violencia-Convivencia, Cruz Vermella
M.ª Genoveva Cordeiro, Coordinadora técnico do Plan comunitario de Teis
Luis Alberto Luaces, Inspector da Policía Nacional
M.ª José Thomas, Traballadora social de Emigración do Concello de Vigo
Ángeles Montero Gómez, Coordinadora do centro de menores Alborada

12:00h-13:00h
DESCANSO

13:00-13:30h
CONCLUSIÓN DAS XORNADAS E ACTO DE CLAUSURA
Raquel Díaz Vázquez, Presidenta do Concello Escolar Municipal de Vigo e Concelleira de Educación do Concello de Vigo
M.ª del Carmen Lorenzo Vila, Presidenta da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa do CEMV

13:30-14:00h
Entrega de diplomas de asistencia

XORNADAS SOBRE CONVIVENCIA ESCOLAR

4/5 MAIO, VIGO

Paraninfo
do I.E.S. Santa Irene
Inscripción:
www.cemv.vigo.org

CONSELLO
ESCOLAR
MUNICIPAL
DE VIGO

CONCELLERÍA
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



CONSELLO
ESCOLAR
MUNICIPAL
DE VIGO

Dña. Raquel Díaz Vázquez,
Presidenta do Consello Escolar Municipal de Vigo, CEMV

CERTIFICA QUE

María Pérez Pérez

con DNI 32612528-T, asistiu ás **XORNADAS SOBRE CONVIVENCIA
ESCOLAR** do Consello Escolar Municipal, organizadas pola
Concellería de Educación do Concello de Vigo, celebrado no Paraninfo
do I.E.S. Santa Irene (Vigo) os días 4 e 5 de maio de 2012

En Vigo, a 5 de maio de 2012

Andra Raquel Díaz Vázquez
Presidenta do Consello Escolar Municipal de Vigo, CEMV

CONCELLERÍA
EDUCACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



M^a Carmen Lorenzo aproveita para agradecer a implicación de todos os membros que participaron así como da asistencia técnica. Reitera o xa dito na avaliación do informe, e di que a Comisión Pedagóxica e ela en particular pensan que o resultado xeral é moi positivo e están moi satisfeitos co desenvolvemento das xornadas.

6.-Propostas e mocións

- **Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa.**

Tereixa Otero presenta a moción na que estivo a traballar a comisión de traballo que preside e na que recollen unha serie de demandas que consideran fundamentais para o ensino no Concello de Vigo:

ANTECEDENTES

As continuas denuncias, que dende esta Comisión, se levan feito ante a falta de prazas públicas nos centros de ensino de todas as etapas educativas da cidade de Vigo, englobanse na presente moción, ante a situación agravada no contexto actual de recortes no ensino público, levados a cabo pola Consellaría de Educación e OU dende o curso pasado.

A EDUCACIÓN é UN DEREITO, un dereito de todas e todos, que os gobernos teñen a obriga de garantir nas mellores condicións posíbeis. Só a través do ensino público se poden minorar as diferenzas sociais e se poden formar as xeracións do futuro nos valores da liberdade, da igualdade, dos dereitos humanos e da democracia. O ensino non é unha mercadoría. Nunca pode ser medido con criterios de rendibilidade económica. A súa oferta e calidade debe estar garantida para todas e para todos, independentemente da procedencia socioeconómica ou xeográfica de cadaquén, aplicando as medidas compensatorias necesarias para garantir a igualdade de oportunidades.

Por iso mesmo, nun momento de crise económica é cando cómpre fortalecer os servizos públicos e manter as dotacións necesarias para que non perdan calidade e para que o conxunto da cidadanía, esa que está a sufrir a crise, non se vexa privada dos seus dereitos.

Mais iso non é o que sucede hoxe. O actual goberno galego veu aplicando sucesivos recortes ao ensino público e reduciu en 425 millóns os orzamentos en relación aos do ano 2009, o que provocou a perda de máis de 2000 docentes e a conseguinte falta de dotación necesaria para facer fronte á atención á diversidade, ao reforzo educativo e ás necesidades educativas especiais, é dicir, a todas as necesidades que ten o sistema educativo galego. Xunto a isto, a Administración galega eliminou a gratuidade dos libros de texto e non cobre as baixas do profesorado inferiores a quince días. Gastáronse millóns de euros en tirar con libros por estaren en galego e en facer propaganda da eliminación da gratuidade dos libros, mentres se manteñen e se incrementan as axudas aos centros privados concertados, mesmo cando segregan o alumnado por sexo.

A sociedade galega non merece que o ensino, medio onde deben medrar e formarse as xeracións do futuro, sexa tido en tan pouca consideración polo goberno galego. Co pretexto da crise, golpéase, de maneira grave, o ensino público, pondo en cuestión o dereito á educación da das clases populares. Por iso, pedímoslle que rectifique e que, como primeira medida, se posicione en contra dos recortes que agora nos quere aplicar o goberno do Estado.

As medidas que se propoñen buscan reducir o profesorado dos centros (despedindo miles de docentes), incrementar o número de alumnado por aula (masificando as aulas), reagrupar alumnado de diferentes niveis educativos nunha mesma aula e reducir a oferta educativa. Todas estas medidas dificultan o

acceso á educación das clases sociais máis desfavorecidas, van contra a calidade do ensino e significan maior fracaso escolar.

Por todo isto, para esta comisión é unha condición básica que non se perda ningunha praza máis de ensino público na cidade e que se poña en valor o ensino público de calidade, para o cal denunciamos as continuas situacións de improvisación na ordenación educativa da cidade, que xeran desconfianza das familias cara a este sector.

TEXTO

O Consello Escolar Municipal de Vigo non pode deixar de transmitir á Consellaría de Educación a necesidade de redeseñar a política educativa de forma que se aposte claramente por un servizo público que non cubre toda a demanda educativa da cidade.

Atendendo aos diferentes niveis educativos esta Comisión de Traballo considera que no Concello de Vigo é urxente tomar as seguintes medidas no ámbito educativo:

- Ampliación da oferta de **prazas** nas escolas, colexios e institutos públicos da cidade. A oferta actual é claramente insuficiente: No curso actual 13 colexios non puideron atender a súa demanda tanto na zona centro como na periferia, especialmente no 2ª ciclo de EI.
- Creación de **centros** públicos con prazas suficientes na zona centro e as zonas con forte crecemento demográfico, como é o caso de Navia e toda a súa área de influencia. Rehabilitación de espazos educativos como o antigo Clunny. Recuperación do uso educativo do espazo do CEP Caixanova.
- Ampliación da oferta de prazas públicas no **1º ciclo da EI**, tendo en conta as zonas que máis creceron demograficamente e as necesidades para a conciliación da vida familiar-laboral. O concello de Vigo non pode permitirse perder ningunha praza escolar pública, debendo aproveitar as instalacións existentes, como, por exemplo , a EEI O Nogal e EEI Rúa Palencia, para a escolarización de 0 a 3 anos. Restabelecemento das taxas nas escolas de Educación Infantil.
- Ampliación da rede de **transporte** escolar pública de forma que se aproveiten ao máximo as prazas das que se dispón, revalorizando a oferta educativa da escola pública.
- Renovación das **infraestruturas** dalgúns centros que o precisan, así como a eliminación de barreiras arquitectónicas.
- Consolidación e reforzo da **atención educativa**, especialmente na ESO, mellorando as **ratios** e a atención á **diversidade** e ampliando tamén a escasísima oferta de **PCPIs**. Por contra, na actualidade, a creación dos CIFP estase a facer a costa doutras etapas educativas, xerando problemas pola eliminación de prazas escolares, e a temporalización e a execución do proceso. Ampliación da oferta pública de **FP** nos ciclos e familias profesionais con maior demanda.
- Execución das actuacións comprometidas nos **comedores** existentes (desde o curso 2009/10, de cinco de entre as 13 necesarias, só se remataron dúas). Dotar progresivamente todos os centros de servizo de comedor xestionado pola Consellaría.

Ademais de non atender ningunha destas necesidades, a Administración educativa está procedendo ao **peche de unidades e de centros** e á **diminución do persoal docente**, o cal prexudica gravemente o ensino porque:

- aumenta o número de alumnas/os por profesor/a,
- dificulta a atención das necesidades e da excelencia educativas,
- rebaixa polo tanto a calidade do servizo, e
- hipoteca a igualdade de oportunidades e a formación dunha sociedade máis xusta e máis próspera.

A presidenta dálle a palabra a Gonzalo Fernández que pide facer algunha puntualización sobre certas cuestións da moción que lle parecen inexactas desde o punto de vista da Administración Educativa á que representa. En primeiro lugar e con respecto ao que se di de que é necesaria a ampliación de prazas nas escolas, colexios e institutos porque a oferta é insuficiente, Gonzalo Fernández considera que isto é falso xa que toda a demanda está perfectamente atendida. Non hai xente que quede sen escolarizar en ningunha das etapas educativas que hai no Concello de Vigo. Continúa aclarando que si é certo que na zona centro se pecha o colexio Caixanova, pero os alumnos foron escolarizados no CEIP Valle Inclán con plena conformidade e consenso das comunidades educativas respectivas, tanto do Colexio Caixanova coma da escola do Nogal e agora van estar en mellores condicións que antes, porque o edificio no que estaban non reunía os requisitos legais existentes.

O representante da Administración Educativa prosigue dicindo que considera que é boa idea que as EEI O Nogal e EEI Rúa Palencia se convertan en garderías de 0 a 3 anos, polo que tanto por parte do Concello de Vigo coma da Consellería de Traballo e Benestar Social teñen a posibilidade de solicitar a desafectación deses centros e convertelos en centros de 0 a 3. No tocante á rede de transporte escolar é posible que haxa que reestruturala, xa que por unha mesma rúa pasan liñas de transporte para catro ou cinco centros públicos como é no caso das rúas Travesía de Vigo ou Gran vía.

En canto ao de que aumenta o número de alumnos por profesor, Gonzalo Fernández considera que neste caso simplemente hai que aplicar a lexislación vixente. Na LOE hai establecidos uns ratios que son 25 alumnos en infantil e primaria, 30 na ESO e 33 no bacharelato e isto hai que cumprilo. Sobre a atención á diversidade, aclara que non é correcto dicir que esta non exista, xa que todos os centros públicos e concertados teñen profesorado para atender as necesidades educativas especiais. Todos teñen PT, profesores de AL e orientadores, polo que considera que hai bastante servizo público ao respecto.

No tocante aos comedores que están pendentes, prevese que en setembro todos estean en funcionamento. Sobre os PCPI, di que si é certo que hai poucos pero a iniciativa neste caso téñena que ter os propios centros. Se os centros non fan esa proposta é moi difícil resolver esta cuestión. Xa por último Gonzalo Fernández fai referencia ao punto no que se fala de diminución do profesorado. En infantil e primaria

non hai tal diminución xa que se respectan os catálogos de postos de traballo aprobados no acordo da Consellería no ano 2008. Só hai diminución cando non hai alumnos, xa que cando non os hai non pode haber profesorado.

Tereixa Otero pide a palabra para contestar a algunhas das cuestións expostas polo representante da Administración Educativa. En primeiro lugar aclara que o que pretenden dicir co primeiro punto da moción non é que queden alumnos sen escolarizar no centro de Vigo. O que están dicindo é que non hai suficientes prazas públicas no centro de Vigo para escolarizar á poboación que o demanda, co que se teñen que desviar alumnos a centros concertados. Explica que teñen constancia de que trece centros tiveron que desviar demanda de matrículas porque non tiñan a capacidade suficiente. En canto á atención educativa, evidentemente non se di na moción que non exista. O que se pide é a consolidación e reforzo desta, xa que a cantidade de problemas que atende agora a educación pública é maior que antes. Tamén informa de que lles consta que se suprimiron AL e agora ao alumnado con problemas na linguaxe estase a derivar a centros coma ao San Rafael cando antes existía un servizo público que atendía a estes rapaces. As ratios son por catálogo pero para eles é fundamental que se conte co alumnado repetidor xa que senón atópanse con casos na ESO nos que a ratio é 30 pero atenden a 36 alumnos xa que teñen seis repetidores na aula. A calidade é o primeiro, e con estes números é imposible polo que a Administración terá que mudar as normas para que a calidade exista.

Santiago Rodríguez intervén dirixíndose ao representante da Administración Educativa para complementar o dito por Tereixa Otero. No tocante a prazas postos e centros, vese que a Consellería aposta polo ensino privado concertado. Pensa que a liberdade de elección non é real cando moitos alumnos que solicitan praza en centros públicos se ven derivados a centros concertados. No tocante á petición de ampliación da oferta pública da Formación Profesional, esta claro que a limitación é evidente. As listas de espera para os Ciclos son enormes, e hai moito alumnado que queda fóra porque a Consellería non desdobra grupos en centros onde non lle custaría practicamente nada porque xa conta coas instalacións e profesorado. Pola contra, si que seguen ampliando a posibilidade de que ese alumnado se desvíe a centros privados. Pon o exemplo do IES Audiovisual de Vigo que considera que está infrautilizado por falta de ciclos, cando xa ten o investimento feito para que saian ciclos de imaxe que agora non hai. Santiago indica que moitas destas demandas xa se levan facendo tempo, e a Consellería non só non as cubre, senón que ademais reduce as posibilidades que hai de ensino público na cidade. En canto ao da atención

educativa, saben que o número de orientadores se vai reducir en todo o país, e está claro que en Vigo tamén lle vai tocar.

Gonzalo Fernández intervén para puntualizar que a reestruturación dos centros é lóxica xa que algúns quedan baleiros mentres que outros están demasiado cheos. Así por exemplo falando do Celso Emilio Ferreiro, caben todos os alumnos nos institutos que están ao lado e as comunidades educativas estiveron de acordo no proceso. En canto ao que se di da privatización do ensino por parte da Xunta, manifesta o total desacordo e informa de que de cada 100 euros dos orzamentos da Consellería, 87 son para o ensino público e 13 para o privado. No que se refire á demanda de que aumente a oferta de FP na cidade, dicir que iso é precisamente o que se pretende coa conversión de institutos en CIFP, cambio que nalgúns casos foi moi criticado no seu momento.

Francisco Piñeiro, representante da Federación veciñal Eduardo Chao, cree que esta moción reflexa o que a cidade de Vigo pensa. Con referencia ás cifras que dá Gonzalo Fernández sobre o investimento da Consellería en ensino público e privado, di que estas serán as que se manexan oficialmente, pero se se sae á rúa o sentir popular é totalmente diferente. Na rúa o que se ve é que se están pechando centros, que se están eliminando profesores, que os ratios son excesivos, que os orientadores existen pero compartidos con tantos centros que non teñen tempo para atender ás necesidades,... Os datos dirán o contrario pero a sensación que ten a xente en Vigo é que o ensino público está peor que fai cinco anos e que vai ir a peor.

M^a Carmen Lorenzo intervén para dicir que está de acordo co que se demanda na moción, pero non lle gusta como se plantexan os antecedentes xa que parecen abrir unha guerra entre ensino público e privado. Pensa que son máis importantes os datos reais que as sensacións, e neste caso os que deu o representante da administración educativa son cos que se queda. Ela como traballadora dun centro privado concertado ten unha vivencia que difire moito da idea de privilexiados que a xente ten dos centros concertados. Cre que o Consello Escolar ten que ser un lugar para traballar en prol do ensino, sexa público ou privado e non para criticar un a favor do outro.

Tereixa Otero responde que nesa moción non plantexan unha guerra contra o ensino privado, senón que fan é unha recollida de demandas para a escola pública debido a que constatan que a rede de escolas públicas de Vigo está a sufrir un abandono que se suma ao deterioro de toda a rede de ensino público do país. Os

datos téñenos e así se recollen nos antecedentes onde aclaran que se fixeron sucesivos recortes ao ensino público e se reduciu en 425 millóns o orzamento en relación ao do ano 2009, o que provocou a perda de máis de 2000 docentes. Neste caso xa non solo se está a falar de datos numéricos senón que se está a falar da perda de calidade. Como exemplo di que eles se ven obrigados a dar afíns para as que non están preparados, profesores de matemáticas dando educación física,... A Consellería non está velando pola calidade do ensino senón que está ocupada en facer recortes. Os datos que dá Gonzalo Fernández sobre o que inviste a Xunta en ensino público e privado non se poden ver illados, xa que o número de alumnos que atende o ensino público en toda Galicia é moi superior que os usuarios de centros privados. Pide que por tanto non se entenda como unha loita contra a escola privada senón que é unha loita por unha escola boa de calidade, que atenda ás necesidades dos nosos fillos e fillas.

Pedro Nozal intervén indicando en primeiro lugar que subscribe o dito na moción que presenta a comisión de equipamentos. Así e todo considera no mesmo sentido que M^a Carmen que non cabe discutir se é mellor o ensino público/privado. Plantexa dúas preguntas que para el son fundamentais a este respecto, se esa suposta desviación de alumnos da pública á concertada fai que merme a calidade na educación e se os pais ou nais estás descontentos co cambio dos seus fillos aos centros de ensino concertado.

A Concelleira intervén para dicir que ao Concello si chegou algunha queixa de alumnos de FP que non conseguiron praza na pública e tiveron que ir a un centro privado con todo o que isto supón.

Pedro Nozal pregunta se nestes exemplos que pon a Concelleira os alumnos se queixan da calidade ao que Raquel Díaz lle responde que as queixas son sobre o custe elevado. Pedro Nozal pregunta se non existen centros de FP concertados onde poder estudar de xeito gratuíto e Santiago Rodríguez afirma que si os hai pero que ás veces eles teñen recibido no seu sindicato queixas sobre minutas extra que se lle obrigan a pagar aos alumnos en algúns centros concertados.

Santiago continúa explicando que a moción que eles presentan non trata do que se fai en centros particulares, nin de casos concretos de familias ou alumnado,... Do que se trata é de que o ensino é un ben social, unha prestación universal que asegura unha igualdade de oportunidades e iso faise se a sociedade ten un sistema ao que poida chegar todo o mundo. As institucións políticas son as encargadas de

garantir esta universalidade do ensino público. Pon o exemplo da sanidade e do sistema de pensións que a todo mundo lle resultan máis obvios. Así por exemplo pensa que se esta moción falara do sistema público de pensións ninguén entendería que se está a atacar os plans de pensións privados que oferta por exemplo a banca. Pero cando se fala do ensino parece que se está a atacar o que se fai en centros concertados, a calidade que ofrecen, e non é así. O que se está a falar é do sistema, un sistema que ten que ser público e universal. E na cidade de Vigo, seguindo o paralelismo co exemplo das pensións, a Xunta de Galicia dedica un esforzo moi importante ao que serían eses *plans de pensións privados*, chámense aquí centros concertados.

Gonzalo Fernández intervén para aclarar que non é certa unha insinuación que se fixo de que se desviaban alumnos de centros públicos a centros concertados. Na comisión de escolarización, puntualiza, respectase escrupulosamente o que piden as familias. Se estas piden centros públicos e non teñen praza nun determinado centro, sempre se lles vai ofrecer primeiro outro centro público. Cando a familia pide centro privado, mándaselle ao privado. O que non se dá é ese desvío do que se está a falar.

M^a Bertila Fernández informa de que desde Foanpas teñen un goteo constante de queixas e demandas que teñen que ver cos recortes que se están a facer, con respecto ao profesorado, aos comedores,... Moitas veces desde a Federación plantéxanse se existen dúas escolas públicas en Vigo, unha a que é real, a que ven os pais día a día con múltiples atrancos, e outra da que fala a Consellería de Educación, que dá datos que pouco teñen que ver coa realidade.

Gonzalo Fernández comenta que desde logo non é o mesmo ver as cousas desde abaixo que desde arriba, e que entende que os que viven os problemas de primeira man teñen outra percepción. Bertila pensa que non é cuestión de diferentes percepcións. Os que viven os problemas son os alumnos e as súas familias, os profesores, os orientadores, directores,... e esa é a realidade do día a día.

Xesús Rodríguez con respecto á moción, comenta que el para nada ve nesta moción o problema do que se fala aquí de ensino público contra privado concertado. O único que pensa que se demanda é máis atención ao ensino público, e si se di que hai un grave problema no centro de Vigo que é que non existen practicamente centros de ensino público. Comenta que tamén está claro o que se di sobre o transporte aos centros educativos. Pon o exemplo dun centro que visitou recentemente, o Carballal, nunha na zona que é Vigo pero é rural, e na que non se conta con transporte público

para os escolares, mentres que moitos centros privados concertados si teñen transporte. Esta moción non pide que se lle quite as liñas a estes centros, o que pide é que se lle dean posibilidade de transporte aos centros públicos. O que se está a demandar a quen goberna é que non se guíen por criterios economicistas, cousa que é un gran erro cando se fala da educación. E aínda que como dixo o inspector hai medidas que en Galicia non se están levando a cabo, “o goberno central anunciou fai uns meses unha serie de recortes e non estamos libres de que si se fagan aquí”. É por isto que esta chamada de atención é importante facela.

Pedro Nozal reitera que está de acordo no que se expón a moción. Pero eses recortes que se están a facer no ensino público tamén se están a facer no concertado. Pensa que o acento hai que poñelo na universalidade pero tamén na liberdade. Se existise só escola pública, estaríase a quitar o dereito aos pais de elixir o que queren para seus fillos.

Isabel López pídlle aos compañeiros que se centren xa que isto non debe ser unha confrontación entre ensino público/privado. O que se está a demandar é un servizo universal de calidade, xa que a educación é unha inversión a longo prazo para un país. Canto mellor estean formados os cidadáns mellor saberán enfrontarse a futuras problemáticas. Apunta que non entende este enfrontamento cando o inimigo non son eles senón aqueles que están facendo recortes, os que aumentan horarios, ratios,... e fan cousas que van en contra da calidade do ensino. Neste momento estase a atacar dous pilares básicos, a sanidade e a educación, e Isabel pensa que a eles tócalles defender o ensino polo que tanto se loitou. E aínda que as familias teñen o dereito a elixir o tipo de centro que prefiran, pensa que o Estado ten a obriga de ofrecer a posibilidade de asistir a centros públicos de calidade, así como se dá a posibilidade de asistir a hospitais públicos. Pensa que aquí que todos están para defender a educación, e ese ten que ser o obxectivo e non as pelexas entre eles.

M^a Bertila Fernández subscribe o dito por Isabel e puntualiza que neste caso o inimigo ou responsable é a Consellería de Educación. E reitera que o que eles viven día a día non son sensacións senón tristes realidade. Non vai entrar no debate entre escola pública e concertada, pero pensa que asistir a unha escola pública de calidade é un dereito de todos os cidadáns e agora non se está a cumprir. Pensa que procedería unha reunión urxente deste órgano colexiado co Conselleiro para facerlle ver a realidade que se está a vivir.

Santiago Rodríguez entende que pode ser normal que se estableza ese debate entre ensino público e privado, pero neste caso, pensa que a moción presentada é sumamente coidadosa e para nada está socavando a liberdade ou os centros concertados, nin sequera indirectamente. E con respecto á liberdade, pensa que nun tema como o ensino para que esta estea garantida, desde as institucións teñen que ter o ensino público no nivel preciso. Pensa que está claro que aparte máis favorecida dunha sociedade soe telo máis fácil, e o resto do corpo social, a maioría de cidadáns, terao igual de fácil se os dereitos que se consideran universais como son a sanidade e o ensino están asegurados desde as propias institucións para todos e todas.

Gonzalo Fernández di que a calidade do ensino está en mans dos profesores e non nas mans dos políticos. E asegura que a escola nunca estivo tan ben dotada en medios materiais e persoais como agora.

Xesús Rodríguez ao respecto do dito polo representante da administración educativa sobre o ben que están os medios materiais e persoais comenta que no seu centro houbo un recorte dun 80% no asignado ao equipo de normalización lingüística con respecto ao ano pasado, e estivo revisando os ingresos dos catro últimos anos e casualmente cada ano os ingresos son menores, e isto sucede en todos os centros. E ata agora cando os substitutos que traballaban máis de 5 meses cobraban os meses de xullo e agosto. Fai referencia a unha nota na prensa do día na que a Consellería anuncia que estes profesores substitutos xa non van cobrar estes meses, o que é un claro exemplo do pouco coidado que está o profesorado.

Francisco Piñeiro cita outro exemplo dos recortes que está facer a Consellería. No colexio público que ten máis preto, a directora que é a profesora de inglés tiña unha profesora de apoio para dar as clases. Quitáronlle este apoio e tivo que atender á dirección e impartir a materia, co cal a calidade non era a mesma e os pais queixáronse. A consecuencia é que este ano non se presentou ninguén para asumir o cargo de director.

Raquel Díaz intervéñ para dar por terminado o debate e procede á votación da moción co seguinte resultado

Acordos adoptados

Apróbase a proposta da Comisión de Equipamentos para ser remitida á Consellería de Educación co seguinte resultado:
13 votos a favor, 0 en contra, 1 abstención.

7.- Rogos e preguntas

M^a Bertila Fernández traslada a este punto o rogo que fixo de que **este órgano se reúna co Conselleiro de Educación**. Asemade aproveita para facer como membro que é da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa un **recoñecemento público á presidenta desta comisión, M^a Carmen Lorenzo**, polo seu traballo nas Xornadas de Convivencia e polo seu talante conciliador.

Bertila pregunta se xa lles foron remitidos a os familiares de **Chito Veiga e García Picher** os escritos de recoñecemento pola súa labor.

A presidenta comenta que están os escritos feitos enriba da súa mesa, que xa se contactou coas familias e agora buscarase unha data para facer a entrega destes escritos en man, que lles parece menos impersoal que mandarllos por correo.

Remata a sesión ás 19.55 horas, sen máis asuntos que tratar.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Raquel Díaz Vázquez